
Nº DE EXPEDIENTE 2024018693

**INFORME TÉCNICO SOBRE A BAIXA TEMERARIA
E A SÚA XUSTIFICACION PRESENTADA**

PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN DE URXENCIA, DO "SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)".

Axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas do IDAE (PROGRAMA CE OFICINAS). No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU



ÍNDICE

1. ANTECEDENTES	3
2. ANÁLISE DA XUSTIFICACION PRESENTADA POLA EMPRESA SERTO GAL, S.L.	3
3. CONCLUSIÓN DO INFORME	6



1. ANTECEDENTES

Rematado o prazo para presentación de ofertas para a contratación mediante procedemento aberto do Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO), a Mesa de Contratación, na súa reunión celebrada o día 27 de xuño de 2024 procedeu á apertura electrónica da documentación presentada no sobre C correspondente os criterios de valoración automática.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta económica da empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado.

Con data 27/06/2024 e rexistro de saída núm. NOT2024016680, solicítaselle a empresa Sertogal, S.L. a xustificación de oferta con valores anormais ou desproporcionados; requiríndolle para que no prazo máximo de CINCO DÍAS HÁBILES desde o envío desta comunicación xustifique dita oferta, e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.

En data 04/07/2024 e rexistro de entrada núm. WEB2024044837 recíbese a xustificación de oferta con valores anormais ou desproporcionados da empresa Sertogal, S.L., que a continuación se analiza.

2. ANÁLISE DA XUSTIFICACION PRESENTADA POLA EMPRESA SERTO GAL, S.L.

Polo que respecta ao orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) establecido no prego de cláusulas administrativas particulares ascende á cantidade de 499.691,80 euros (412.968,43 euros máis 86.723,37 euros correspondente ao IVE).

O importe ofertado pola empresa e a xustificar é de 364.775,01 euros (301.466,95 euros máis 63.308,06 euros correspondente ao IVE).

Polo que a baixa representa un 27% con respecto ao orzamento base de licitación.



Na xustificación de oferta con valores anormais ou desproporcionados da empresa Sertogal, S.L, indicase en relación ás condicións da mesma o seguintes.

Para a execución do contrato apórtanse unha oficina en Vigo e outra en O Porriño con persoal adscrito xa na actualidade ás mesmas o que permite aforrar custos de desprazamento e dietas dos traballadores, así como optimizar o tempo de traballo e aproveitar mellor o mesmo, podendo dedicar mais horas á execución do traballo durante a xornada laboral e dedicar ás mínimas a desprazamentos.

En relación ás condicións económicas da oferta, os prezos por hora ofertados como custes directos de persoal calcúlanse en base ao establecido no *"Convenio colectivo nacional de empresas de enxeñería, oficinas de estudos técnicos, inspección, supervisión e control técnico e de calidade"*, segundo as táboas salariais para 2024 e tendo en conta as horas de dedicación ofertadas para cada unha das persoas do equipo de traballo. Neste apartado os custes indicados están correctamente xustificadas en base ao convenio laboral de aplicación.

En canto a outros custes directo, a empresa licitadora explica que para a realización diferentes xornadas e do congreso se utilizarán espazos cedidos, en modalidades de patrocinio, priorizando fundamentalmente o uso de locais de titularidade municipal. Indican que ademais contan cos medios audiovisuais das empresas organizadoras, coa experiencia en realización de xornadas en presentacións deste tipo e ofrecen medios audiovisuais a disposición para a realización destes eventos. Neste caso a xustificación aportada considérase viable para a execución deste apartado da oferta.

En canto o custe de aluguer e adaptación de furgoneta eléctrica para oficina móbil, indica a empresa que porá a disposición unha furgoneta coas características esixidas nos pregos e ampliadas na memoria da oferta técnica, e que formará parte do parque móbil da empresa Sertogal para traballos de campo que xa ven realizando dentro da súa actividade, polo que soamente se valora a adaptación como oficina móbil. A explicación deste aspecto da oferta é congruente e axústase ao esixido na licitación.



En canto ao equipamento, a empresa indica que os traballadores xa dispoñen do equipamento informático. Polo que non se suporá un custe adicional.

No relativo aos custes da Plataforma software de monitorización e xestión de comunidades enerxéticas, a empresa explica que os custes de deseño e implantación das ferramentas de software redúcense ao mínimo e convértense nun custo variable dependente do número de usuarios nun modelo de “pago por uso” ou “SaaS”. Considérase que a explicación neste apartado é innovadora e garante a execución da oferta.

En canto ao Plan de medios (online y offline) inclúese nesta partida o importe comprometido para a posta en marcha das actividades incluídas no Plan de Comunicación. A explicación considérase axustada ao solicitado, viable económica e tecnicamente.

En relación aos custes indirectos, indican que se valoran un seguro a partir da póliza que xa ten contratada a empresa, non se contempla aluguer de inmovible porque xa se dispón de oficinas propias na provincia de Pontevedra e se inclúe unha partida para outros gastos xerais.

Como outras condicións xustificativas, a empresa SERTOGAL, SL explica que colabora na prestación deste servizo coas empresas CALIXTO ESCARIZ, S.L., SAPIENS ENERGÍA COOP.V., que contan con mais de vinte anos de experiencia, o cal aporta aos seus procesos unha optimización máxima pois posúen a especialización e capacidade suficiente para minimizar os custos de xestión deste tipo de servizos nos seguintes termos:

- Abaratamento no custo de xestión administrativa.
- O persoal conta alto grao de experiencia e con contratos indefinidos, o que fai que o traballo estea moi trazado e sexa máis áxil.
- Emprego de tecnoloxías actuais, necesarias para a xestión do servizo. Estas implantacións actualmente non supoñen custo de introdución, senón soamente custo de actualización.
- A metodoloxía e a planificación do traballo ofertado farase inseríndose dentro do normal funcionamento da empresa ofertante e das súas colaboradoras, conseguindo un abaratamento moi importante de custos neste sentido, mantendo o compromiso de calidade e garantindo a



execución do 100% das actividades solicitadas no prego técnico desta licitación e ofertadas na memoria técnica presentada.

- Ademais SAPIENS ENERGIA COOP conta coa experiencia de acompañar a máis de 60 iniciativas por todo o territorio español; polo tanto, a súa experiencia e coñecementos na planificación, implantación e posta en marcha dunha OTC permite reducir os tempos de implantación e custos asociados e aumentar así o nivel de eficacia desta proposta.

3. CONCLUSIÓN DO INFORME

Segundo o anterior, a proposta da empresa SERTO GAL, S.L. e o exposto na xustificación da súa oferta analizada, concreta co debido detalle os termos económicos e técnicos da mesma; resultando acorde ao esixido no contrato e, segundo se explicou, determínase como viable a súa execución, congruente e correctamente fundamentada.

Queda argumentado que, pese ao aforro da devandita oferta, a empresa SERTO GAL, S.L. está en condicións de executar o contrato nos termos expresamente recollidos tanto no prego de cláusulas administrativas particulares como no prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación de urxencia, do “Servizo de creación, posta en marcha e xestión da Oficina de Transformación Comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)”; polo que non se aprecia perigo na futura execución do contrato conforme a oferta aceptada e nos propios termos da mesma.

Deste xeito, sen prexuízo do que decida a mesa de contratación, propónse a aceptación da proposta e da oferta económica da empresa SERTO GAL, S.L.

O que se informa aos efectos oportunos.

Marina Piñeiro Novo

Jose Antonio Piñeiro Sineiro

Xefa do servizo de Cooperación cos
municipios

Técnico medio do servizo de
Cooperación cos municipios

